



CIRCULAR: 26/2023: OFERTA DE ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CLÁSICAS DA FGM PARA O ANO 2023/2024

Co obxecto de dar cumprimento ao acordo da Asemblea Xeral da FGM de organizar durante a tempada 2023 diversas actividades tradicionais (Día do sendeirismo en Galicia, marcha galega con vivac, actividade de barrancos e travesía galega de esquí en montaña), cun orzamento total de 3900 euros, esta FGM,

RESOLVE:

Ofertar a todos os clubs galegos de montañismo a posibilidade de que poidan solicitar á FGM á organización dalgunha actividade clásica de montañismo, conforme aos seguintes condicionantes:

1. Actividades ofrecidas e cantidade máxima aprobada pola Asemblea Xeral do ano 2023 (oferta pendente de aprobar pola Asemblea Xeral da FGM para o ano 2024)

- Día do sendeirismo en Galicia: 900 €
- Marcha galega con vivac: 900 €
- Marcha galega de deportistas con veteranía: 900 €
- Actividade de barrancos: 600 €
- Travesía galega de esquí en montaña: 600 €

Nota: En canto as cantidades destinadas para estas actividades tradicionais para ano 2024 fosen aprobadas pola Asemblea Xeral, estas se lles comunicaría aos clubs por correo electrónico. O clubs tería un prazo para confirmar ou retirar a solicitude de proba.

2. Período de solicitude

O Club interesado deberá remitir á FGM o modelo de solicitude que se achega, dende o mesmo día da publicación **desta circular ata o 10 de setembro de 2023**, respondendo a todos os apartados indicados e asinando o documento por parte do/a presidente/a do club.

3. Elección do club por parte da Xunta Directiva da FGM

Corresponderá á Xunta Directiva da FGM o estudo das propostas de organización recibidas e a elección dos clubs interesados. Unha vez resolta a convocatoria será comunicada á resolución.

Valorarase de forma positiva:

1. Que nestas actividades se utilicen os refuxios da FGM.
2. Na organización colabore máis dun club.

4. Número mínimo e máximo de participantes das actividades

- Día do sendeirismo en Galicia. Mínimo 40 participantes.
- Marcha galega con vivac. Mínimo 25 e máximo 50 participantes.
- Marcha galega de deportistas con veteranía. Mínimo 40 participantes.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CIF: G-36.630.259

Casa do Deporte, Rúa Fotógrafo Luís Ksado n.º 17-Ofic 10, 36209 - Vigo

Teléfono: (+34) 986 208 758 – secretaria@fegalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

- Actividade de barrancos. Mínimo 10 e máximo 15 participantes.
- Travesía galega de esquí en montaña. Mínimo 8 e máximo 25 participantes.

5. Designación dunha persoa como representante da FGM para cada actividade

A presidencia da FGM designará a unha persoa representante da FGM para que asista ao desenvolvemento da actividade, sendo os custos do viaxe descontados á cargo da partida orzamentaria correspondente.

6. Porcentaxes dos gastos que poderán xustificar os clubs:

Actividade	Contratación persoal/compensación de gastos de persoal contratado ou persoal voluntario/material de seguridade	Material/transporte da actividade/para os inscritos
Día do sendeirismo en Galicia	50%	50%
Marcha galega con vivac	50%	50%
Marcha galega de veteranos	50%	50%
Actividade de barrancos	50%	50%
Travesía galega de esquí en montaña	50%	50%

Estas porcentaxes poderían variar, sempre que sexa de forma motivada e aprobado pola xunta directiva da FGM.

7. Procedemento de xustificación de gastos:

- Remitir o mesmo día da proba a documentación gráfica á FGM para a publicación nas redes sociais.
- Presentar a memoria debidamente cuberta que se achega como Anexo 2, desta circular, coa relación de gastos realizados, facturas e adeudos bancarios da realización do pago (onde debe constar o número de factura e o concepto de pago).
Xunto coa selección de 4 fotos. Unha destas fotos ten que ser unha foto de grupo coa publicidade da FGM.
- Remitir a factura de organización da actividade pola contía que asuma a FGM, que se determinará no convenio que se realizará entre o club e a FGM para a organización desta actividade, e como máximo serán as reflectidas nesta circular.
- Unha vez revisada, a FGM procederá ao abono da cantidade respectiva.
- O club organizador deberá facer entrega á FGM da Memoria no modelo que se achega con esta circular, coa relación de gastos realizados, facturas e adeudos bancarios da realización do pago (onde debe constar o número de factura e o concepto de pago). Unha vez revisada, a FGM procederá ao abono da cantidade respectiva:

8. Taxas de inscrición e procedemento



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CIF: G-36.630.259

Casa do Deporte, Rúa Fotógrafo Luís Ksado n.º 17-Ofic 10, 36209 - Vigo
Teléfono: (+34) 986 208 758 – secretaria@fegalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

Tanto a inscrición como o pagamento realizarase na pasarela da WEB da FGM (fedgalmon.gal). Unha vez rematado o prazo de inscrición, se hai un mínimo de inscricións, abrirase un período para o pago da cota de inscrición da actividade. Seguirase unha orde estrita de inscrición e confeccionarase unha listaxe de reserva no caso de haber máis solicitantes que prazas. Os ingresos das inscricións das actividades quedarán para a FGM, tal e como consta no orzamento aprobado pola Asemblea Xeral da FGM.

Actividade	Federados
Día do sendeirismo en Galicia	10
Marcha galega con vivac	20
Marcha galega de veteranos	10
Actividade de barrancos	25
Travesía galega de esquí en montaña	25

9. Ingresos pola actividade

Os ingresos dos participantes corresponderán á FGM. Pero si o club organizador acada outros recursos doutras administracións ou empresas privadas serán patrimonio do propio club.

10. Suposto de convocatoria deserta

No caso de que non houbera peticións dalgunha/s das actividades previstas ou ben que as recibidas non foran elixidas pola Xunta Directiva, a FGM poderá buscar outras fórmulas de organización, na que podería variar estes aspectos organizativos, sempre e cando se alcanzase o número mínimo previsto de participantes.

Se as actividades do día do Sendeirismo de Galicia e a Marcha Galega de Deportistas con Veteranía quedase deserta a FGM poderá ofrecerlha a probas que xa están en calendario federativo, en tal caso, non terían cota de inscrición e ao club organizador se lle daría 400 € para a axuda da organización, sempre que se aprobe pola Xunta Directiva.

No caso de que non se alcanzase o número mínimo establecido a actividade quedaría suspendida.

11. Derradeiro apartado

Calquera aspecto non contemplado na presente circular será resolto pola Xunta Directiva da FGM.

Vigo, 10 de agosto de 2023
A presidenta da FGM

Josefina Maestu Almeida



ANEXO 1: SOLICITUDE DE ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADE **CLÁSICA PARA O ANO
QUE SE INDICA:**

Ano (Indicar 2023 e /ou 2024):			
Entidade solicitante:			
Club colaborador:			
Enderezo:			
Concello		Provincia:	
Nº de teléfono:		Correo electrónico:	
Nome da persoa de contacto:			Número de teléfono

SOLICITA á Xunta Directiva da FGM que se lle conceda a organización da seguinte actividade clásica de montañismo, propoñendo a data e lugar de celebración indicado:

Data	Denominación	Lugar

Para o cal, se compromete a cumprir os seguintes requisitos:

1. A remitir o regulamento da proba á FGM cun mínimo de 30 días antes da data da mesma, cumprindo as disposicións técnicas da FGM que estiveran vixentes.
2. Cumprir as franxas de participantes (mínimo e máximo) indicados nesta convocatoria.
3. A dispoñer das autorizacións legais correspondentes, no caso de que foran necesarias.
4. A que o perfil dos/as profesores/as que impartan á actividade posúan a titulación establecida pola lexislación vixente, ou que a actividade se desenvolva por persoal voluntario
5. A incluír o logo da FGM no cartel da proba, acompañado polo texto “Proba Oficial FGM”.
6. Á utilización da plataforma oficial de inscrición e pagos da FGM.
7. A dispoñer das persoas da organización suficientes para desenvolver con normalidade a proba.
8. A contar cun equipo sanitario, no caso de que sexa preciso conforme ás disposicións legais.
9. En ningún momento poderán coincidir na mesma fin de semana con outras actividades do calendario da FGM, da mesma modalidade, salvo autorización adoptada como acordo da Xunta Directiva.
10. A informar á presidenta da FGM, con 10 días mínimos de antelación, sobre a data da presentación do evento ante os medios de comunicación.
11. A remitir o mesmo día da proba documentación gráfica á FGM para a publicación nas redes sociais.

Data :

Sinatura do/a representante do club



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CIF: G-36.630.259

Casa do Deporte, Rúa Fotógrafo Luís Ksado n.º 17-Ofic 10, 36209 - Vigo

Teléfono: (+34) 986 208 758 – secretaria@fegalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

ANEXO 2: MEMORIA DE ACTIVIDADE CLÁSICA

Año (Indicar 2023 e /ou 2024):			
Entidade solicitante:			
Enderezo:			
Concello		Provincia:	
Nº de teléfono:		Correo electrónico:	
Nome da persoa de contacto:		Número de teléfono	

SOLICITA á FGM que admita a seguinte relación de gastos por organización da seguinte actividade clásica da FGM:

Data	Denominación	Lugar	N.º de participantes

A relación de gastos é a seguinte:

N.º Factura	Data Factura	Concepto	Importe co IVE

Xunto a Esta memoria se achega unha selección de 4 fotos. Unha destas fotos ten que ser unha foto de grupo coa publicidade da FGM.

Declaro que se cumpriron na organización desta actividade os seguintes requisitos:

1. Se remitiu o regulamento da proba á FGM cun mínimo de 30 días antes da data da mesma, cumprindo as disposicións técnicas da FGM que estiveran vixentes.
2. Se cumpriron as franxas de participantes (mínimo e máximo) indicados nesta convocatoria.
3. Se dispuxeron das autorizacións legais correspondentes, no caso de que foran necesarias.
4. O perfil dos/as profesores/as que impartiron á actividade posúen a titulación establecida pola lexislación vixente ou foron persoas voluntarias.
5. Se incluíu o logo da FGM no cartel da proba, acompañado polo texto "Proba Oficial FGM".
6. Utilizouse da plataforma oficial de inscrición e pagos da FGM.
7. Houbo persoas da organización suficientes para desenvolver con normalidade a proba.
8. Contouse cun equipo sanitario, no caso de que ser preciso conforme ás disposicións legais.
9. En ningún momento coincidiu na mesma fin de semana con outras actividades do calendario da FGM, da mesma modalidade, salvo autorización expresa da FGM.
10. Informouse á presidenta da FGM, con 10 días mínimos de antelación, sobre a data da presentación do evento ante os medios de comunicación.
11. Remitiuse o mesmo día da proba documentación gráfica á FGM para a publicación nas redes sociais.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CIF: G-36.630.259

Casa do Deporte, Rúa Fotógrafo Luís Ksado n.º 17-Ofic 10, 36209 - Vigo

Teléfono: (+34) 986 208 758 – secretaria@fegalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

Data :

Sinatura do/a representante do club